

**Antía Otero  
Cedo**

**aínda noite**

**cada día  
as mulleres do barrio  
danzan ao son das máquinas de coser  
nos sotos sen transparencia aos ollos do pobo  
Traballan os fíos nos beizos  
biliscándoos cos dentes  
Fanlles o amor coa lingua  
de xeito que entran sen grosura  
polo burato da agulla**

**Cada día**

**xa de noite  
collen o autobús de volta  
Todas levan os dedos encarnados  
e face de número dous**

**Cada día**

**sempre  
as mesmas paredes cubertas de humidade  
e a cea sen facer**

**Pensar  
que as lavandeiras se extinguiran  
e de socato ver que unha se pousa ao pé das túas dedas  
porque confundiu os fíos marróns con miñocas**

**En cada soño  
aparece o ritmo da incesable máquina  
e o puto número dous da face  
A eterna dualidade do segundo número pitagórico**

HAI un barrio no alto do pobo  
onde noutrora ían parellas os domingos á tarde  
As mulleres teñen os dedos con puntos de cor encarnado  
e os oídos con xordeira das máquinas de coser

Ás veces  
os seus sons marcan tan ben o ritmo  
que miña irmá non emprega metrónomo ao tocar o piano

Ao fondo  
atoparedes a vivenda das gaivotas  
Deixaron as praias para procurar alimento no centro da Terra  
No medio do lixo  
Ule a podre alén das ventás de aluminio  
Todos coñecen ata o máis feble surco que o veciño ten na face

Aos luns  
as camionetas abeiran  
recollendo con xestos de cinismo chaquetas e saias  
que logo elas han ver nos desfiles de moda  
que dan pola televisión de todos

O espello do que falo  
non deforma imaxes

**INCONGRUENCIA é decir  
que a muller naceu da costela do primeiro home  
cando ela foi a que lle deu o ser  
Adán agochou a súa nai  
coa fin de ser o protagonista da Historia  
Baixo terra  
concedeulle unha máquina de coser  
e ordeoulle que fose tecendo a roupa  
que o había cubrir tras o pecado  
O Creador lavouse as mans  
e entre estupefacientes  
seguiu a xogar coas figuriñas de barro  
no local da Sección Feminina**

Bailan ao redor dos candís da rúa  
entrando aos poucos  
pola fiestra de aluminio  
do piso número tres

A costureira que traballa  
sempre  
cando o sono visita ao resto  
pestanexa ao compás da súa Singer

Cando menos  
esta noite  
si tivo compañía

Lembrárona as avelaiñas da luz

Veñen  
para lle dar ar coas ás  
e con elas facer fuxir á soidade

Esta noite  
pagou a pena agardar a Godot

O que Penélope teceu na súa Singer  
foi a cruz das condeadas

Xa non queren ser a Selene  
que olla parva ao Endimión durmido  
Aborrecen ser Sibilas  
que contan grans de area  
esquecendo pedir o seu desexo  
Nin mortais  
que no sono da noite  
ceiban os seus corpos a deuses con poder

As amazonas tampouco sabían facer punto de cruz.

O camión do lixo  
ha chegar no medio da noite  
agasallando ás rúas de luces  
ao tempo que nos pisos reina  
a soidade das máquinas de coser  
Levarase o cartón do leite  
as tonas de pataca  
o champú  
a caixa de galletas...  
¡ Non !, ¡ a caixa de galletas!  
¿Como puiden esquentar a caixa de galletas?  
Baixo as escaleiras e manco  
cada e unha das miñas dedas  
Non importa  
¡ quero a miña caixa de galletas !  
Chego á rúa  
Berro  
Chamo polos sucesores de Beppo o barrendeiro  
Chamo polos homes do traxe do concello  
Son un peixe que agana co anzó  
De socato o camión frea  
Olladas entre o fume que se xunta á humidade  
Subo ao camión e tírome á piscina do lixo  
Báñome na merda  
Ulo todo e os brazos traballan  
Estaba alí  
Cuberta polas bolsas do *Día*  
Collo a caixa e ao abríla véxome dentro  
Aquela foto que me fixera ir á rúa e bicar o lixo  
é única na que me aparezo rindo